

2.1.- FACTORES FÍSICOS E DIVERSIDADE DE PAISAXES E ECOSISTEMAS

El volcán de La Palma comenzó a acumular magma debajo de la superficie tres meses y medio antes de la erupción

Una investigación liderada por el CSIC abre nuevas puertas para la vigilancia volcánica. Los científicos emplearon una novedosa metodología para dirimir cómo se deformó el terreno antes del estallido y qué lo produjo

Toni Ferrera

Las Palmas de Gran Canaria — 18 de diciembre de 2022 -22:39h 0

Tres meses e medio antes de que estoupase o volcán da Palma en setembro de 2021, o magma comezou a acumularse a menos de cinco kilómetros de profundidade en Jedey, moi preto de onde finalmente tivo lugar a erupción en Cumbre Vieja. A acumulación do material incandescente case non se percibiu. Practicamente ninguén lembra movementos sísmicos en maio dese mesmo ano. Pero dada a presumible porosidade da codia terrestre da illa a causa de previas erupcións, todo apunta que a lava puido concentrarse preto da superficie terrestre sen causar moito ruído (...).

Unha investigación liderada polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) conclúe que o magma baixo a Palma empezou a acumularse en maio de 2021, a 2,5 kilómetros de profundidade, a soamente 7 kilómetros de distancia do que foi despois o principal foco eruptivo (...) e que a súa ubicación corresponde cunha zona de codia de baixa intensidade, de material fracturado e poroso, o que facilitou o depósito.

Os científicos combinaron a observación radar de satélite de alta resolución para calcular a deformación da illa cunha metodoloxía de interpretación que permite estimar as causas desa deformación (...).

O obxectivo dos investigadores é levar esta técnica de interpretación (...) a vixilancia volcánica, e vai seguir sendo aplicada en Indonesia, Hawái e Italia.

(el-diario.es 18 de decembro de 2022 ADAPTADO)

A erupción do volcán da Illa da Palma foi un dos fenómenos xeolóxicos máis relevantes da historia recente. Lendo o titula e o contido da nova elabora unha resposta argumentada na que, partindo das características xerais das áreas volcánicas, sinala a súa importancia para a configuración do relevo en España e indiques o reto que supón para a prevención de riscos.

RÚBRICA DE RESPOTA

MOI DEFICIENTE (0 - 0.74)	CONTIDO: Non hai aportación de información sobre a xeomorfoloxía volcánica, nin unha explicación da súa relación co relevo nin coa prevención de riscos. O único que hai é unha paráfrase do artigo. REDACCIÓN: Moi pobre, non usa o léxico propio da área ou non hai precisión no uso de conceptos.
DEFICIENTE (0.75 - 1.24)	CONTIDO: Hai unha información moi superficial, reiterativa sobre a xeomorfoloxía volcánica. Hai unha explicación moi elemental da súa relación co relevo e a prevención de riscos. Non hai unha relación causal ben argumentada. REDACCIÓN: Pobre, contén imprecisións no uso dos conceptos, frases incoherentes. Non emprega unha linguaxe académica.
APROBADO (1.25 - 1.74)	CONTIDO: Hai unha información correcta sobre a xeomorfoloxía volcánica, pero non hai unha explicación da súa relación co relevo nin coa prevención de riscos máis aló de xeneralidades. REDACCIÓN: Correcta en liñas xerais. Non hai referencias ao texto para enriquecer a explicación.
NOTABLE (1.75-2.24)	CONTIDO: Hai unha información correcta sobre a xeomorfoloxía volcánica, e ademais unha explicación da súa relación co relevo e coa prevención de riscos, se ben non se ofrece unha variedade de exemplos. REDACCIÓN: Correcta. Hai referencias ao texto para enriquecer a explicación.
SOBRESALIENTE (2.25-2.5)	CONTIDO: Hai unha información correcta sobre a xeomorfoloxía volcánica, e ademais unha explicación da súa relación co relevo e coa prevención de riscos, con ampla variedade de exemplos e ben argumentados. REDACCIÓN: Correcta. Hai referencias ao texto para enriquecer a explicación e as relacións están ben traídas co uso de conectores que enriquecen o discurso e converten a súa lectura nalgo fluído e coherente